

CONCELLO DE
SANTIAGO

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PARA A CREACIÓN DUN XULGADO ESPECÍFICO SOBRE VIOLENCIA DE XENERO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Concello de Santiago de Compostela, de conformidade co acordo subscrito entre os representantes das forzas políticas representadas na Corporación Municipal acordan a creación dun xulgado específico sobre violencia de xénero en Santiago de Compostela.

No primeiro semestre de 2019, en Galicia rexistráronse 1.763 denuncias por violencia machista, un 38,44% máis que no mesmo período do ano pasado. Confirmase así a tendencia á alza que se vén producindo nos últimos anos. Segundo datos do *Consejo General del Poder Judicial*, en 2018 tramitáronse 6.537 denuncias por violencia machista en Galicia; en 2017 foron 6.436; e en 2016, 5.683.


En 2018, en Santiago de Compostela asináronse 159 sentenzas por violencia machista. O encargado de tramitar neste concello as denuncias por violencia de xénero é o Xulgado de Instrucción número 3 que, segundo a última memoria publicada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en 2017 iniciou 2.956 casos de diversa natureza, resolveu 3.453 e deixou pendentes 501, datos que evidencian a enorme carga de traballo que acumula a sala, como en numerosas ocasións ten denunciado o titular dese xulgado, Andrés Lago Louro.

A Lei integral contra a Violencia de Xénero aprobada en 2004 tiña o propósito de garantir a especialización no tratamiento das denuncias por violencia machista. Tamén o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero sinala, na súa medida 122, a necesidade de “reforzar a especialización no ámbito procesal intermedio, xulgados do penal, que é o que atende un maior número de casos” de violencia machista. O propio Pacto conmina a especializar “un ou varios en cada provincia para facilitar o coñecemento dos asuntos” de violencia machista. Estas declaracóns de intencións, ainda non executadas na súa totalidade, teñen que ver coa evidencia de que a especialización dos xulgados, a formación de xuíces e suízas e a aplicación da perspectiva de xénero no tratamento destes casos téñense demostrado como unha das ferramentas más relevantes na loita contra a violencia machista.

Tanto a evolución do número de denuncias por violencia machista como a acumulación de causas no xulgado de Instrucción número 3 e as recomendacóns para o tratamento especializado destes casos, con procedementos de instrución moi complexos, xustifican:

A creación dun xulgado específico sobre violencia de xénero en Santiago ou, de non concorren as condicións obxectivas para crealo, ampliar o seu ámbito territorial de actuación que abranga outros partidos xudiciais da nosa contorna máis próxima.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2019.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Martíño Noriega Sánchez

Gumersindo Guinarte Cabada,
Portavoz do Grupo Municipal Socialista

Alejandro Sánchez – Branete Varela

Alejandro Sánchez – Branete Varela
Portavoz do Grupo Municipal Popular

Goretti Sanmartín Rei

Goretti Sanmartín Rei
Portavoz do Grupo Municipal do BNG